


# IX Festival internacional de música de órgano do Corpus Christi



7 - 16 de xuño 2023

Organizan:



DIOCESE  
DE LUGO



Lucense  
Eucharisticum  
Centrum

**Martes 13 de xuño 2023, 21.00 h**

Igrexa de San Pedro

*Membra Jesu nostri*

**Concentus Angelorum (Suiza)**

Ekaterina Valiulina, violín

Hans Liviabella, violin

Felix Vogelsang, violonchelo

**Concentus Lucensis**

Lidia Basterretxea Vila e Esperanza Iglesias, soprano I

Marina Malavasi e Paloma Suanzes, soprano II

Daniela Maso, Carmen Prendes e Paolo Alberti, alto

Mauro Canali e Fernando G. Jácome, tenor

Moreno Deservi, Antón Castro e Marcos Mosquera, baixo

**Nicolás Varela (España), órgano**

**Giulio Mercati (Italia), dirección**

**Dietrich Buxtehude (1637-1707)**

*Membra Jesu nostri patientis sanctissima*, BuxWV 75 (1680)

**Para solistas, coro (SSATB), dous violins, violonchelo e órgano**

**I. Ad pedes**

**II. Ad genua**

**III. Ad manus**

**IV. Ad latus**

**V. Ad pectus**

**VI. Ad cor**

**VII. Ad faciem**

Obra mestra da música vocal de Dietrich Buxtehude, *Membra Jesu nostri* é un ciclo refinado e conmovedor de sete cantatas que invita a meditar sobre Cristo crucificado, cunha mirada que ascende desde os pés ata o rostro. A cada parte do corpo corresponde unha cantata: pés, xeníllos, mans, costas, peito, corazón e rostro. Lonxe de ser unha meditación lúgubre, como parece suxerir o título, é en realidade unha narración musical de rara beleza e harmonía que renuncia á intensidade dramática, configurando intimamente o sufriamento a través de sons tranquilos e mesurados. Os textos pertenecen a unha oración medieval coñecida en tempos de Buxtehude como «Domini Bernhardi Oratio Rhythmica» e considerada obra de San Bernardo de Clairvaux, mais atribuída hoxe a Arnolfo de Lovanio (aprox. 1250). O texto latino foi publicado en Hamburgo en 1633 e readaptado polo propio Buxtehude para ser proposto na forma da cantata luterana en voga naquela época: sonata instrumental, coro e lied estrófico asignado aos solistas con retrouso instrumental. O compositor seleccionou tres estrofas (entre as dez orixinais) para cada lied e engadiu os versos bíblicos como introdución a cada unha das cantatas, asignando esta parte ao coro. O ciclo realizouse principalmente como Passionsmusik durante a Semana Santa, aínda que os versos bíblicos que comentan cada unha das partes do corpo de Cristo poderían adaptarse a outros requisitos litúrxicos. A primeira cantata, por exemplo, está marcada «para o tempo de Pascua e para calquera tempo», e só a sexta, Ad cor, foi escrita explicitamente para a Paixón.